

# IX Certame de Pintura Rápida

## Arra como Antiga Parroquia

### 04/08/24



Obra gañadora do Certame 2023: Manuel Carballeira Rivas

ASOCIACIÓN  
SAN CAYETANO  
DE ARRA

CONCELLO DE  
SAN  
XEN  
XO



Editorial MIC



DISCARLUX

ASOCIACIÓN  
SAN CAYETANO  
DE ARRA

Tel. 623 542 736

scarra.asociación@gmail.com

[www.facebook.com/sancayetano.arra](http://www.facebook.com/sancayetano.arra)

CENTRO DE ARTE MUNICIPAL

Concellería de Cultura e Eventos

Pazo Emilia Pardo Bazán - Sanxenxo

Tel. 986 727 936 [centrodearte@sanxenxo.org](mailto:centrodearte@sanxenxo.org)

[www.facebook.com/sanxenxo.arte/](http://www.facebook.com/sanxenxo.arte/)

[www.instagram.com/artesanxenxo/](http://www.instagram.com/artesanxenxo/)

# BASES

1. As presentes bases teñen por obxecto regular a participación no **IX Certame de Pintura Rápida Arra como Antiga Parroquia**, que terá lugar o domingo **4 de agosto de 2024**.

2. Poderán participar no Certame tódalas persoas que o desexen. A participación é gratuita, previa inscrición electrónica en: [scarra.asociacion@gmail.com](mailto:scarra.asociacion@gmail.com), ou o mesmo día do Certame no selado dos lenzos en horario de 09.00 a 11.00h no Priorato de Arra. A organización agasallará ás primeiras 70 inscricións participantes con avituallamento. Non poderá participar no Certame o gañador/a do 1º Premio da edición anterior, que será invitado/a formar parte do xurado. Tódas as cuestións relacionadas co desenvolvemento do Certame (novidades, ubicación, premiados, etc.) estarán actualizadas na web [www.facebook.com/sancayetano.arra](http://www.facebook.com/sancayetano.arra)  
Teléfono de contacto: 623 542 736

\* Tódolos participantes asinarán a solicitude de inscrición, de protección de datos e unha autorización para a cesión dos dereitos das fotos que sexan publicadas.

3. Categorías  
**ADULTA.** Desde os 17 anos.

**1º Premio: 1200€**  
**2º Premio: 800€**  
**3º Premio: 600€**  
**4º Premio: 400€**

**Catro accésits: 100€**

\*As obras premiadas con accésit quedarán en poder do autor/a.

**1º Premio Artista da Comarca: 600€**  
**2º Premio Artista da Comarca: 300€**  
**3º Premio Artista da Comarca: 150€**  
\*A obra premiada co 3º Premio quedarán en poder do autor/a.

\*Premios sometidos a lexislación fiscal vixente.

## INFANTIL

Ata 12 anos.

**1º Premio: Vale 100€ | 2º Premio: Vale 50€**  
De 13 a 16 anos.

**1º Premio: Vale 200€ | 2º Premio: Vale 100€**  
\*As vintecinco primeiras inscricións na modalidade infantil recibirán un bono gratuito a escoller entre o *Racing Dakart Sanxenxo* ou o *Aquapark Sanxenxo*.

4. Temática.  
Calquera lugar da parroquia de Arra e a súa

contorna (zona delimitada no mapa adxunto). O estilo e a técnica son libres.

Para **poñer en valor a riqueza paisaxística e cultural da parroquia de Arra**, as obras deberán ser realizadas in situ. A organización facilitará un plano para que cada participante comunique o lugar no que se atopa realizando a súa obra e así poder comprobar a evolución da mesma en calquera momento.

5. O material necesario para desenvolver a actividade correrá por conta de cada participante.

Os soportes terán unha dimensión máxima de 100x81 cm., deberán ser a unha soa cor e sen texturas. As acuarelas deberán presentarse en soporte ríxido.

6. O horario de selado dos lenzos será de 09.00 a 11.00h no Priorato de Arra o mesmo día do Certame. Poderanse selar ata tres soportes pero só se entregará un para concurso.

**7. As obras entregaranse sen asinar antes das 18.00h na Casa do Priorato de Arra.**

O persoal da organización estará dispoñible para resolver os problemas que poidan xurdir durante o Certame.

8. O xurado estará formado por persoas relacionadas co mundo das artes, representantes municipais e da Asociación San Cayetano de Arra.

**O fallo do xurado será inapelable e farase público xunto coa entrega dos premios o mesmo día 4 de agosto na Casa do Priorato de Arra ás 20.30h.**

**9. Tódalas obras presentadas serán expostas entre as 18.00 e as 21.00h na Casa do Priorato de Arra.**

As obras premiadas pasarán a ser propiedade da Asociación Cultural San Cayetano de Arra. As obras non premiadas, así como os accésits, e o 3º Premio Artista da Comarca, previa taxación do autor/a, poderán ser adquiridas. A organización non se fai responsable dos acordos privados aos que se chegue entre autor e comprador. Estas últimas poderanse retirar unha vez finalizada a exposición.

10. A participación neste concurso supón a aceptación destas bases, a conformidade coa decisión do xurado e a renuncia a calquera reclamación.

# IX Certame de Pintura Rápida

## Arra como Antiga Parroquia

04/08/24



VISTA AÉREA DE ARRA. — — — Zona delimitada de traballo.

Vistas desde Punta Pirámide



Praia Canelas



Miradoiro Punta Cabicastro



Punta Montalvo



Bascuas



Dunas de Montalvo



Ermida de A Lanzada



Priorato



\*As imaxes amosadas son só suxerencias. Convidámosvos a explorar e descubrir polo voso pé os moitos recunchos dignos de seren pintados que agocha Arra e a súa contorna.